
DestiNo HëRgüsS
DE MANEL CRÁNEO
PLANETA MINCHA
NOVELA GRÁFICA PARA ADULTOS

ADVERTENCIA:

O Ministerio de Ciencia do Planeta Mincha faise responsable da integridade de contidos deste libro única e exclusivamente fóra da súa zona territorial, comprendida entre o Sistema Mincha e a constelación Ardö e delimitada pola área perimétrica que marcan as órbitas dos seus dous soles.

Calquera parecido coa coincidencia é pura realidade.

A presente obra recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de bolsas á banda deseñada no ano 2010. O proxecto presentado contaba con 64 páxinas para editar en lingua galega e en tapa branda. O proceso creativo prolongouse ata 2014, co que o libro foi aumentando a 124 páxinas e xurdiu a maiores a posibilidade de edición tamén en castelán en tapa dura e a versión dixital de ambas as dúas. Para completar o finaciamento fíxose unha campaña de abdución no planeta Terra utilizando o sistema de crowdfunding a través da plataforma Verkami. A campaña captou máis de trescentas almas terrestres. Xente soñadora, que tivo fe cega no proxecto, probablemente como moitos habitantes do Planeta Mincha a teñen en Ramükk, sen sopesar as consecuencias que isto comporta. En todo caso, isto xa non é un acto de fe, é unha auténtica realidade, física, palpable, alucinóxena. A todos estes fantástic@s abducidos quero darvos os meus máis sinceros agradecementos. Grazas pola vosa enorme confianza no Consulado Mincha Terrestre e na mensaxe que lanzamos con este libro, que non é máis que a verdade, a verdade e nada máis que a verdade. A partir deste momento, Destino Hërgüss xa é voso. Co desexo de que achegue un anaco de felicidade ás vosas vidas.

Mincha, mincha, minchök!

Manel Cráneo
Cónsul do Planeta Mincha

MECENAS DA EDICIÓN DIXITAL: Isines Batallan, Patricia García González, Paco Cuesta, Xaime Lis Carrera, Adriana Dapena, Victor Villayandre Murillo, Elisa Amigo Vázquez, Marcos Fernández Otero, Aitor García Rey, Fernándo Llorente Sagaseta, Alberto Vázquez, Kike J.Díaz, Jaime Ramón Asensi Cabirta, Héctor Francesch, Antón Aller López, David Buceta Carballo, Francisco Javier Pernas Gentil, Mila Budiño Gasamans, Amador Loureiro Blanco, Al Rico, Germán Hermida Castro, María Jesús Fernández Fernández, Xosé Manuel Baamonde Silva, Álvaro Pons, Alejandro Barreiro Veiga.

LIBRARÍAS DELEGACIÓNS DO CONSULADO DO PLANETA MINCHA:

NIVEL PADRIÑO MINCHA

Desde o Consulado do Planeta Mincha queremos expresar un especial agradecemento a Carlos Estévez-Mengotti Vidal, propietario da cervexaría irlandesa Penique, localizada na Coruña, por converterse coa súa participación como mecenas deste proxecto, no primeiro padriño terrestre dun ser do Planeta Mincha ao adoptar o alter ego de Kalöss Mengött, alias "Götti" e da súa taberna o Penikk, a de máis sona de toda a rexión de Longölia.

Se non estás entre os abducidos e sentes certa envexa de non estar oficialmente recoñecido coma eles, non te preocupes: queremos que saibas que este non será o derradeiro proxecto Mincha; xa están chegando outros, e precisan da túa forza. Séguenos en calquera dos enlaces que aparecen nos créditos e sintoniza o teu cerebro coa nosa mensaxe cósmica. A abdución non doe.

DesTiNo HëRgüSS



Destino Hërgüss
Manel Cráneo

Guión, debuxo e cor: Manel Cráneo
Escaneado: Xavier Pena
Separación de cor: Xavier Pena
Revisión de textos: Henrique Torreiro
Deseño e maquetación: Demo Editorial
Editor: Manel Cráneo
Impresión: Lugami
Marketing online: Sara García Novelle
Produción audiovisual: Demo Editorial
Vídeo do proxecto: vimeo.com/planetamincha

© Manel Cráneo, 2015
© Planeta Mincha, 2015
© pola presente edición, Demo Editorial, 2015

Primeira edición: febreiro 2015

ISBN: 978-84-943403-0-7
Depósito legal: C 161-2015

BSO: Manel Cráneo & Orquestra Sin Fónica de Ghëlia
Gravado en Cavernas de Hëlüs

DEMO EDITORIAL
demoeditorial.blogspot.com
demo.editorial@gmail.com
facebook.com/demo.editorial

PLANETA MINCHA
planetamincha.com
planetamincha.blogspot.com
planetamincha@planetamincha.com
facebook.com/planetamincha

FEITO CON CROWDFUNDING
VERKAMI

Ningunha parte deste libro pode ser reproducida, almacenada ou transmitida por sistema mecánico ou electrónico ningún sen a previa autorización do editor, salvo no caso de extractos para uso informativo en medios de comunicación.

Ramükk, creador do cosmos e da vida que nel habita, baixou unha día da súa estrela sagrada atravesando un dos grandes tubos escuros da galaxia. Na súa descomunal bóla de lume, rachou o ceo facendo tremer o planeta enteiro, desde o norte do norte de Frondössia ata o sur do sur de Hëlus. Ao seu paso por Aridöndia, o implacable soou coma miles de millóns de tronos ferindo a un tempo. E as criaturas do deserto ficaron xordas. Logo, parouse nas amarelas chairas de Vërdia e lavou os seus xenitais nas augas dunha lagoa mentres pensaba nas súas cousas sagradas. E naquel intre viu pasar por diante un recoñecido e humilde pastor da zona, que levaba o seu rabaño de ordëllas de volta á casa, e dirixiuse a el dicindo:

—Ti, Arpükkio, que traballas a terra e crías bechos que comen dela, non esperes máis desta vida se non recoñeces o teu amo e señor, xa que a sabedoría reside na fe que teñas en min.

Entón o pastor, asustado ao recoñecer o seu nome propio na voz daquel ser baixado dos ceos, escoitou en medio dun ataque espasmódico como o gran Ramükk, sen acenos de expresión no seu rostro, concluía sentenciando:

—… E dilles a todos os teus iguais que Ramükk é implacable e volverá para facer xustiza con aqueles que presuman de ser humildes, pois non hai humildade comparable á de ser deus todopoderoso.

Simultaneamente, Ramükk estoupou coma mil volcáns en erupción, destruíndo estrelas, planetas e galaxias enteiras ao seu paso, ante o impasible cadáver do pastor.

Libro sagrado de Ramükk e a santa superstición
Capítulo VII, versículo III

XA ME TARDA. ALGO QUENTE DE XANTAR E UNHA FARTADA DE LICOR DE KOFÚR NO PENNIK... E VISITAR A KARMÄRI!

...DIXEN 7000 LÁTIGOS. NON BAIXAREI O PREZO! LEVADES OS MELLORES KRÜMS DE LONGÖLIA!
MELLOR 4000, VÁLECHE?

O VOSO NOXENTO ROBÖT BEN SABE QUE ESTES KRÜMS VALEN UNS 9000...

VEÑA! PAGADE XA ESES 7000 OU IDE CAGAR MERDA DE ZURRÚPIO... E OLLO QUE NON VOS RACHE O ROBÖT E VOS PARTA A CARA, LAMBECÚS!
XEFE, DEBERÍA PATEARLLE A CARA A ESTE PAILÁN LONGÖL!
DEIXA ESTAR, DEIXA ESTAR! ESTÁ BEN. PAGAREI!

TEMOS QUE ANDAR FINOS CON ISTO, O ASUNTO CHEIRA MOI MAL.
E TANTO, EU DIRÍA QUE A MERDA DE KRÜM.
Purrum! Purrum!
QUERO QUE LLE PARTAS O CRANIO A ESE ANIMAL COA TÚA PISTOLA DE RAIOS FÜLKO! ESTE BRAVÚ DEBEU TOMARNOS POR PARVOS.
QUEDAREMOS COS KRÜMS E MAIS OS 7000 LÄTIGGOS. VEÑA, VAI AXIÑA!
DE ACORDO, XEFE. SEGUIREIMO ATA ALGUNHA CALELLA TRANQUILA ONDE NON LEVANTAR SOSPEITAS.
POR FIN! AGORA, AMOR E LICOR!

PURRUM!

POW
UG!

POW POW POW POW
POR MIL MONÓNOS DE VÉRDIA! FOGUETES HOXE? ADIANTARÍAN AS DATAS DA FESTA DA VILA!?

ENTÓN, CANTOS DÍAS QUEDAS EN KYRMÜK? CASAREMOS XA DESTA VOLTA? ÁMOTE TANTO!
POIS ESPÍLETE! TEÑO MÁIS PRETEN-DENTES!
CASAREMOS, KARMÄRI, PERO ANTES PRECISO GAÑAR MÁIS CARTOS. QUERO SACARTE DESTA VILA E COMEZAR DE NOVO!
SEINO, RULIÑA, PERO NINGÚN TAN BO COMA MIN. SEI QUE TEMOS UN LONGO DESTINO XUNTOS. AGORA O IMPORTANTE NON É CASAR, SENÓN...
...FÜKEAR TODA A NOITE COMA TOLOS!! ÍSPETE!

MELLOR MAÑÁ NA TABERNA, NON SI?
SI, DEIXA QUE DESFRUTE UN POUCO.

* DIMINUTIVO DE MENGÖTT, TÍPICO APELIDO ÄRDO.


XA SABES QUE TEÑO MOI MALA BABA. ASÍ QUE NON COMECES A TOLEARME!
AÍNDA CHE DOE VER A KARMÄRI COMIGO?
VEÑA, GÖTTI, SOMOS COLEGAS DESDE QUE TEMOS USO DE RAZÓN. NON ME GARDES RANCOR POR UNHA MULLER! GUSTEILLE MÁIS EU, E PUNTO.
TANTO ME TEN QUE TE ARRIMASES A ELA. MENOS LERIAS!
ESTE LICOR DE KOFÜR RESULTA VICIOSO, ES UN TÍO MOI GRANDE!! GRAN FERMENTACIÓN!
OÍCHES? NON ME PIQUES TI A MIN!
O QUE NUNCA FERMENTA ES TI, TOMBÖ.

VAITES! CO INTERESANTE QUE ESTABA O REENCONTRO, ESQUECÍA CONTARCHE QUE ANDAN NA TÚA PROCURA VARIOS AXENTES DO MINISTERIO. VELAÍ OS TES! NON SEI EN QUE ANDARÁS DESTA VEZ!

SEXA O QUE SEXA, NON QUERO MÁIS LIORTAS NIN PELEXAS NO PENIKK. QUÉDACHE CLARO, AMIGUIÑO?

BO DÍA, TOMBÓ. TEMOS QUE FALAR.
SABEMOS QUE FARTACHES DE CRIAR KRÜMS. QUERES CAMBIAR DE OFICIO?

FALAMOS DE ALGO BO.
SE QUEREDES FALAR COMIGO, O GRAN TOMBÓ!, XA ESTADES TARDANDO EN PAGAR UNHAS ROLDAS.